

# **ASOCIACIÓN DUBRESA DE EMPRESARIOS/AS E AUTÓNOMOS/AS ADEA**

## **TÍTULO I**

### **DENOMINACIÓN, ÁMBITO, OBXECTO, ENDEREZO E DURACIÓN**

#### **Art. 1.- Denominación, obxecto e ámbito.**

De conformidade a lei 19/1977 de 1º de Abril R.D. 873/1977 de 22 de Abril e disposicións concordantes, constitui-se a ASOCIACIÓN DUBRESA DE EMPRESARIOS/AS E AUTÓNOMOS/AS (ADEA).

A Organización terá personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, sendo independente de calquer organización, da administración, dos sindicatos de traballadores e dos partidos políticos, e rexirá-se con criterios democráticos por representantes libremente eleitos.

#### **Art. 2.- Enderezo.**

A asociación ten o seu enderezo en Bembibre (Val do Dubra), rúa San Lourenzo, 20, quedando facultado o Consello de Dirección para mudá-lo caso de ser preciso. Os cambios de enderezo comunicaranse a oficina correspondente.

#### **Art. 3.- Duración.**

A asociación constitúese por tempo indefinido.

## **TÍTULO II**

### **COMPOSICIÓN, FINS E COMPETENCIAS**

**Art. 4.-** Poden ser membros da Asociación a título individual os autónomos/as e empresarios/as que desenvolvan a súa actividade en Val do Dubra previa solicitud á Asociación, e aprobación do órgano competente.

Contra o acordo de nón admisión o interesado poderá recurrir ante a Asemblea Xeral.

#### **Art. 5.- Fins e competencias.**

1.- A Asociación persegue como fins fundamentais os seguintes:

- a) A representación, defensa e promoción dos intereses económicos, sociais, profesionais e culturais dos seus socios.
- b) Favorecer o desenvolvemento económico do Concello como medio de lograr unha situación social cada vez máis xusta.



SECCIÓN DE MEDIACIÓN, ARBITRAJE E CONCILIACIÓN

A Coruña

PRESENTACIÓN

Hora: 10 Día: 25 XUN. 2003 Mes: Ano:

FOLIO: 7

- c) Fomentar a solidariedade dos seus socios, promocionando e creando servicios comúns.
- d) Programar as accións necesarias para conseguiren melloras sociais e económicas dos seus socios.

2.- Para mellor logro dos fins corresponde á Asociación:

- a) Representar e xestionar, nos seus aspectos xerais e comúns, os intereses dos socios/as ante todas as instancias, sexan representativas de xestión ou de decisión, nos ámbitos socioeconómicos, culturais ou políticos.
- b) Estudiar os problemas que plantexen con carácter xenérico as empresas, acordar as solucións más procedentes e establecer as normas de actuación común dos membros asociados.

### TÍTULO III

#### DIREITOS E OBRIGAS DOS MEMBROS

#### **Art. 6.- Dereitos**


Son dereitos dos/as Asociados/as que serán exercidos por medio dos seus representantes os seguintes:

1. Tomar parte na elección e ser eleito para postos representativos e ostentar cargos de dirección.
2. Informar e ser informados oportunamente das actuacións da Asociación e das cuestións que lle afecten.
3. Intervir na xestión económica e administrativa da Asociación, con arreglo ás normas que establezan os regulamentos.
4. Expresar libremente as opinións en materia e asuntos de interese profesional e formular propostas e peticións aos órganos de goberno.
5. Facer uso dos servizos de que dispoña a Asociación, na forma que regulamentarmente se estableza.
6. Instar á Asociación para que exerce as accións oportunas para a defensa dos intereses a representación da cal teña encomendada a Asociación.

#### **Art. 7.- Obrigas**

Os membros da Asociación terán as seguinte obrigas:

1. Tomar parte na elección dos/as representantes nos distintos órganos de goberno da Asociación.
2. Desempeñar os cargos para os que foren eleitos.
3. Actuar de conformidade ás leis e ás normas estatutarias.



4. Dar cumprimento aos acordos válidamente adoptados pola Asociación.
5. Respeitar a libre manifestación de pareceres e non obstaculizar directa ou indirectamente as actividades da Asociación.
6. Asistir ás reunións a que sexan convocados.
7. Facilitar informacións sobre cuestións que non teñan carácter reservado, cando fosen requeridas polos órganos de goberno da Asociación.
8. Satisfacer á Asociación as cuotas na medida e segundo as modalidades establecidas pola Asemblea Xeral.

## TÍTULO IV

### PERDA DA CONDICIÓN DE SOCIO/A

**Art.8.-** Poderán ser causas da perda da condición de membro da Asociación Dubresa de Empresarios/as e Autónomos/as:

- a) A petición propia.
- b) Por impago das cotas establecidas por un período superior a un ano.
- c) Pola perda de condición de traballador autónomo ou empresario/a.
- d) Pola realización de actividades que se consideren contrarias ao dictado nos presentes estatutos ou ao regulamento de Réxime Interior e polo tanto contrarias á Asociación.

**Art.9.-** Ante unha determinada sanción ou expulsión a un/unha socio/a, procederá por parte deste recurso ante o Consello de Dirección, podendo apelar en último caso ante a Asemblea Xeral.

**Art.10.-** Ninguén poderá ser sancionado sen ser antes oído, podendo abrirse un período de investigación previo do cal se será informado.

## TÍTULO V

### DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE DIRECCIÓN

**Art. 11.-** Órganos de goberno.

Os órganos de goberno da Asociación serán os seguintes: Asemblea xeral, Consello de Dirección.

Todos os Órganos colexiados quedarán constituidos en 2<sup>a</sup> convocatoria 30 minutos despois da hora que fose sinalada para a 1<sup>a</sup>.

**Art.12.-** Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno e decisión, composta polos representante dos/as socios/as.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EMPRESAS, COMERCIO E INDUSTRIA  
SECCIÓN DE MEDIACIÓN, ARBITRAXE E CONCILIACIÓN

FOLIO 3

A Coruña

PRESENTACIÓN 23 XUN. 2003

Nº 40 Día 23 Mes Junio Ano 2003

7

A Asemblea Xeral en sesión plenaria terá as seguintes atribucións específicas:

1. Acordar a aprobación e reforma dos Estatutos.
2. Aprobar os programas e plans de actuación da Asociación.
3. Elixir o Consello de Dirección, mediante sufraxio libre e secreto.
4. Coñecer a xestión do Consello de Dirección.
5. Aprobación de cuotas.
6. Aprobar os orzamentos e a súa liquidación.
7. Aprobar a Memoria Anual de actividades.
8. Ratificar os Regulamentos de Réxime Interior.
9. Acordar a disolución da Asociación.
10. Ratificar a orde do día.

**Art.13.-** Salvo casos en que por imperativo legal, se esixa unha maioría especial, os acordos adoptarán-se por maioría absoluta, en primeira convocatoria dos compoñentes e en segunda dos asistentes.

**Art.14.- Convocatoria.**

A Asemblea Xeral en sesión plenaria, reunirá-se polo menos unha vez ao ano, previa convocatoria que fará o Consello de Dirección con quince días cando menos de antelación á data da reunión, na que se indicará o lugar, día e hora da mesma e orde dos asuntos a tratar.

Tanto no Pleno da Asemblea Xeral como o Consello de Dirección, reuniránse con carácter extraordinario, a petición da terceira parte dos seus membros respectivos.

A Orde do Día será establecida polo Consello de Dirección. En todos os casos as reunións extraordinarias terán que incluir na orde do día necesariamente, os puntos propostos por quen solicitase a convocatoria.


**Art.15.- O Consello de Dirección.**

O Consello de Dirección é o órgano permanente de goberno, xestión, administración e dirección da Asociación e estará composto polos membros eleitos na Asemblea Xeral, elixidos pola Asemblea Xeral, en votación libre e secreta. A duración do mandato será de 2 anos, podendo ser reelexidos por periodos iguais.

**Art. 16.- Atribucións.**

Son atribucións do Consello de Dirección:

1. Dirixir as actividades da Organización no marco das súas competencias.
2. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
3. Propor a Asemblea Xeral, as cuotas ordinarias, as extraordinarias e as específicas.
4. Elaborar a Memoria anual de actividades para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.
5. Elaborar os orzamentos e liquidación das contas para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.



6. Tomar decisiones en materia de cobros e ordenación de pagos.
7. Vixiar o eficaz funcionamento dos Servizos da Asociación.
8. Suplir a Asemblea Xeral nos periodos entre sesións, especialmente para a interposición de toda clase de recursos en nome da Asociación.
9. Acordar a constitución de Comisións especializadas.
10. Propor a adopción de acordos referentes á adquisición e disposición de bens.
11. Elixir de entre os seus membros a Comisión Permanente.
12. Aprumar a contratación de persoal técnico, administrativo e auxiliar da Asociación.
13. Constituir a Mesa nas reunións da Asemblea Xeral.
14. As que sexan delegadas pola Asemblea Xeral.
15. Aceitar ou rexeitar provisionalmente as incorporacións de novos membros.
16. Cantas atribucións non estexan expresamente encomendadas a outros órganos de goberno.

**Art. 17.-** O Consello de Dirección reunirase, en sesión ordinaria, o menos unha vez cada dous meses, en sesión extraordinaria nos casos en que o solicite a terceira parte dos seus componentes.

**Art. 18.-** Portavoz. Secretario.Tesoureiro.

Potavoz, funcións e atribucións.

O Consello de Dirección designará de entre os seus membros un Portavoz, que o representará ante toda clase de entidades públicas e privadas, e órganos das administracións públicas, suscribir contratos e outorgaren poderes e executar toda case de accións coa debida autorización do Consello de Dirección.

Dirixir os debates do propio Consello de Dirección e da Asamblea Xeral.

A si mesmo o Consello de Dirección nomeará un viceportavoz que substituirá o portavoz nas suas ausencias.

Secretario e Vicesecretario.

O secretario da Asociación levantará acta das reunións que celebren os órganos da mesma e terá o seu cargo a dirección do persoal

Terá así mesmo o seu cargo un libro de rexistro de asociados do cal será responsable e que poderá seren consultado a solicitude dos socios.

O Vicesecretario nomeado polo Consello de Dirección substituirá o secretario nas suas ausencias.

Tesoureiro e Vicetesoureiro.

O Tesoureiro coidará da conservación dos fondos e disporá dos mesmos convxuntamente co Portavoz do Consello de Dirección.

O Vicetesoureiro nomeado polo Consello de Dirección substituirá o tesoureiro nas suas ausencias.

**Art. 19.-** Comisións especializadas.



XUNTA DE GALICIA	
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS LABORAIS	
SECCIÓN DE MEDIACIÓN, ARBITRAJE E CONCILIACIÓN	
A CORUÑA	
PRESENTACIÓN	
Horas	Día
10	25 XUN. 2003
Mes	Año
FOLIO	
5	

A asociación poderá constituir no seu seo comisións especializadas. Estas comisións especializadas terán a composición que determine o órgano que as establezca.

O portavoz de cada unha de elles será designado polo Consello de Dirección.

Os acordos das comisións especializadas, para ter efectividade, terán que ser ratificados polo Consello de Dirección.

#### **Art. 20.- Cese dos cargos directivos.**

Os cargos directivos da Asociación, cesarán:

- a) A petición propia.
- b) Por decisión do Consello de Dirección, podendo ser recurrida dita decisión ante a Asemblea Xeral.

### **TÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO**

#### **Art. 21.- A Asociación terá plena autonomía para a administración e disposición dos seus fondos e recursos que estarán integrados por:**

- a) As cuotas dos socios/as.
- b) Os intereses e productos dos seus bens.
- c) As aportacións e subvencións e donativos que lle sexan outorgados.
- d) Calquer outros autorizados pola lei.

Por cada ejercicio económico formarase o presupuesto ordinario de ingresos e gastos.

O Consello de Dirección determinará as normas para a administración e contabilidade, sendo ordenador de pagos o Portavoz do Consello de Dirección e o Tesoureiro.

Os asociados que o desexen poderán por si mesmo ou acompañados de un profesional, examinar os libros da asociación en calquera momento.

#### **Art. 22.- Os recursos da Asociación serán administrados na forma que establecen os regulamentos e destinados ao cumprimento dos seus fins.**

### **TÍTULO VII DISOLUCIÓN**

#### **Art. 23.- A Asemblea Xeral é o órgano competente para acordar a disolución da Asociación.**

A proposta de disolución poderá facela o Consello de Dirección ou a metade dos membros que componen a Asemblea, e para acordala será necesario o voto favorable das tres cuartas partes dos componentes da mesma.

En caso de disolución, o Consello de Dirección constituirase en comisión liquidadora, que procederá ao cumprimento das obrigas pendentes, aplicando excedente ou cubrindo o déficit, na forma que acordara a Asemblea Xeral.



FOLIO	
Da	7
A CORUÑA	
PRESENTACIÓN	
10	25-XII-2003
Nome .....	Mes .....
.....	Ano .....

## TÍTULO VIII MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

**Art. 24.-** Os presentes estatutos poderán seren modificados en virtude do acordo da Asamblea Xeral, co voto favorable dos 2/3 dos afiliados.

O proxecto de modificación deberá seren proposto, ó menos, por unha terceir parte dos asociados ou polo Consello de Dirección, e será remitido a todos os membros da asociación con unha antelación minima de 20 dias.

### DILIXENCIA.-

Para facer constar que estes estatutos foron aprobados pola Asemblea Xeral en reunión celebrada o dia 30 de maio de 2003, asinan a mesma a Comisión Xestora.

DNI-33266007-A

DNI: 33274285 N

14590753 F



XUNTA DE GALICIA	
CONSELLIO SOCIAL DE RELACIONES LABORAIS	
ESTACIÓN DE MEDIACIÓN, ARBITRAJE E CONCILIACIÓN	
A CORUÑA	
PRESENTACIÓN	
10	25 XUN. 2003
Hora	10h
Mes	Xun.
FOLIO	
X	